

Anexo II

**criterios xerais e específicos por áreas de coñecemento:**

[Área de Artes e Humanidades](#)

[Área de Ciencias](#)

[Área de Ciencias da Saúde](#)

[Área de Ciencias Sociais e Xurídicas](#)

[Área de Enxeñaría e Arquitectura](#)

**Común para todas as áreas:**

[Documentación da acreditación dos méritos a presentar xunto coa solicitude](#)

***Área de Artes e Humanidades***

1. A tese (máximo 50 puntos):

Puntuación para o premio extraordinario recollida nos informes confidenciais dos membros do tribunal da tese. O cálculo deste apartado, ata un máximo de 40 puntos, farase por parte da USC sumando a puntuación de todos os informes dividido entre o número de membros do tribunal que asistiron ao acto de defensa, e multiplicando esta media por 8. Os 10 puntos restantes serán para as teses con Mención Europea ou Internacional.
2. Os cinco (5) méritos máis relevantes da produción científica derivados da propia tese achegados polos solicitantes (máximo 40 puntos):
  - a. Artigos en revistas (ata un máximo de 10 puntos cada aportación).
  - b. Libros con ISBN (ata un máximo de 20 puntos cada aportación).
  - c. Capítulos de libros, con ISBN (ata un máximo de 10 puntos cada aportación)
  - d. Aportacións a congresos, seminarios e outro tipo de reunións de relevancia científica (ata un máximo de 5 puntos cada aportación).
  - e. Patentes rexistradas (ata un máximo de 5 puntos cada aportación).

No caso de teses por compendio de publicacións, non poderán terse en conta para este apartado os artigos e os capítulos de libros incluídos na tese.

O tribunal valorará cada aportación presentada atendendo á súa relevancia na área á que corresponde e tendo en conta, no seu caso, o número de autores do traballo.

Para congresos e publicacións, carácter nacional/internacional, valorarase se a publicación foi sometida a unha revisión por pares e a súa posición en índices de referencia como MIAR ou SPI.

3. Outros méritos relacionados coa tese de doutoramento (máximo 10 puntos): (máximo catro (4) méritos, indicado na convocatoria)
  - a. Grao de innovación da tese: ata 5 puntos
  - b. Produtos con rexistro de propiedade intelectual, ou que representen transferencia de coñecemento (ata un máximo de 5 puntos cada aportación).
  - c. Premios: ata 5 puntos
  - d. Bolsas de carácter competitivo para a realización de estadías.

**[Documentación da acreditación dos méritos a presentar xunto coa solicitude](#)**

**Área de Ciencias**

1. A tese (máximo 15 puntos):

Puntuación para o premio extraordinario recollida nos informes confidenciais dos membros do tribunal da tese. O cálculo deste apartado farase por parte da USC sumando a puntuación de todos os informes dividido entre o número de membros do tribunal que asistiron ao acto de defensa, e multiplicando esta media por 3.

2. Os cinco (5) méritos máis relevantes da produción científica, técnica ou artística e os traballos de investigación derivados da propia tese achegados polos solicitantes (máximo 60 puntos):

- a. Artigos: valorarase preferentemente os artigos publicados en revistas de recoñecida valía internacional, especialmente as que ocupen posicións relevantes dentro do listado correspondente a súa categoría científica no JCR. Para que os artigos sexan considerados, a solicitude deberá incluír unha declaración responsable do solicitante indicando a correspondencia entre cada artigo cos contidos da tese (esta declaración irá no mesmo documento do artigo)

Cada contribución como artigo en revista indexada do Q1 puntuarase con 12 puntos, as Q2 con 9, as Q3 con 6 e as Q4 con 4; para o cálculo do cuartil terase en conta o *JCR Science Edition* do ano da publicación do artigo. Para os artigos en revistas non indexadas e con difusión internacional puntuarán 2 puntos, se a difusión é nacional 1 punto.

- b. Libros e capítulos de libros: deberán contar con ISBN, e na avaliaicón terase en conta o prestixio da editorial, nas que se poda garantir un rigoroso proceso de selección e avaliación dos orixinais. Só se terán en conta neste apartado os libros e capítulos de libros relacionados coa temática da tese.

Autor do libro completo en editorial internacional de recoñecido prestixio e con un rigoroso proceso de selección e avaliación dos orixinais 12 puntos, e 6 puntos se é de ámbito nacional ou autonómico. Capítulos de libros internacionais nunha editorial de prestixio contaranse como un artigo do terceiro cuartil, capítulos de libros nacionais ou autonómicos como un artigo en revista nacional non indexada. En todo caso para ser considerado capítulo de libro debe ter un mínimo de 15 páxinas.

- c. Contribucións presentadas en congresos, conferencias, seminarios e outro tipo de reunións de relevancia científica: terase en conta o carácter internacional, nacional ou autonómico do congreso, así como o tipo de contribución.

- i. As comunicacións a congresos internacionais sen *proceedings* 2 (por exemplo, sóamente abstracts) ou con *proceedings* dunha extensión inferior a 5 páxinas, valoraranse con 1 punto cada unha. As comunicacións a congresos internacionais con *proceedings* dunha extensión mínima de 5 páxinas valoraranse con 2 puntos. Cando estes *proceedings* estean publicados en actas que sexan vehículos de difusión do coñecemento comparables ás revistas incluídas no *JCR Science Edition* (como por exemplo as listaxes en posicións relevantes do índice *Computing Research an Education* (CORE), o índice da Sociedad Científica Informática de España (SCIE) ou outro de similar entidade,

- valoraranse como un artigo JCR do terceiro ou do cuarto cuartil (4-6 puntos), en función de aspectos como o posto nos devanditos índices.
- ii. Para as contribucións a congresos nacionais a puntuación será a metade da que correspondería aos internacionais equivalentes.
  - d. Patentes e rexistros de programas: nas patentes valorarase se están en explotación demostrada mediante contrato de compravenda ou contrato de licenza. Respecto a patentes concedidas sen estar en explotación, só se valorarán se a concesión de levou a cabo con exame previo (tipo B2). Terase en conta a extensión da protección da patente (nacional, europea, internacional), valorándose máis a de protección máis extensa. Cando a patente estea en explotación outorgaranse 20 puntos; se está concedida, e na que a concesión se levou a c Respecto os rexistros de software, se están en explotación se lles outorgarán 20 puntos; e para as que non estean en explotación, 3 puntos. Aquelas con exame previo 12 puntos; se está admitida a trámite 5 puntos. Estas puntuacións corresponderán as patentes de carácter internacional ou europeo. Se as patentes fosen de ámbito nacional, as devanditas puntuacións multiplicaranse por un coeficiente de 0.70. Os rexistros de software en explotación serán valorados con 20 puntos; e 3 puntos para os que non estean en explotación
3. Outros méritos relacionados coa tese de doutoramento (máximo 25 puntos). (Máximo catro (4) méritos, indicado na convocatoria)
- a. Grao de innovación da tese. Se se trata dun doutoramento industrial, ou se a tese desenvolveuse no marco dun contrato de transferencia cunha empresa ou dun convenio cunha institución non académica, outorgaranse 6 puntos. De maneira extraordinaria, a comisión poderá asignar ata 15 puntos polo grao de innovación naquelas teses que supuxesen unha achega extraordinaria. Para iso, o candidato incluírá unha declaración que xustifique adecuadamente o impacto especial do traballo (ata 1000 caracteres contando espazos)
  - b. Produtos con rexistro de propiedade intelectual ou que representen transferencia de coñecemento (software, obras artísticas, publicacións de divulgación científica, exposicións, produtos audiovisuais...). Cada produto rexistrado que garde relación coa temática da tese valorarase con 6 puntos.
  - c. Premios. Os premios internacionais valoraranse ata 10 puntos, os premios nacionais valoraranse ata 5 puntos.
  - d. Doutoramento con Mención Europea/Internacional. Valorarase con 10 puntos.

En base ó indicado no punto 4 da "Convocatoria para a concesión dos Premios Extraordinarios de Doutoramento. Curso 2018-2019", compre indicar que soamente se terán en conta os méritos relacionados coa tese obtidos entre o comezo do traballo doutoral e o día da defensa da tese. Ademais, segundo o Anexo II a esa convocatoria, aquelas solicitudes que presenten máis de cinco méritos no apartado 2 (méritos máis relevantes da produción científica, técnica ou artística e os traballos de investigación derivados da propia tese) serán excluídas.

[Documentación da acreditación dos méritos a presentar xunto coa solicitude](#)

***Área de Ciencias da Saúde***

1. A tese (máximo 15 puntos):  
Puntuación para o premio extraordinario recollida nos informes confidenciais dos membros do tribunal da tese. O cálculo deste apartado farase por parte da USC sumando a puntuación de todos os informes dividido entre o número de membros do tribunal que asistiron ao acto de defensa, e multiplicando esta media por 3.
2. Os cinco (5) méritos máis relevantes da produción científica, técnica ou artística e os traballos de investigación derivados da propia tese achegados polos solicitantes (máximo 60 puntos):
  - a. Artigos en revistas. Valoraranse preferentemente artigos publicados en revistas de recoñecida valía internacional, especialmente as que ocupen posición relevantes dentro do listado da súa categoría no jcr. Terase en conta tamén a posición que ocupe o candidato entre os autores.
    - i. Publicación no primeiro decil (D1) e que o tribunal considere de especial relevancia: 16 puntos (primeiro autor ou autor correspondente), 12 (resto).
    - ii. Publicación no primeiro cuartil (Q1) que non entre no apartado anterior: 12 puntos (primeiro autor ou autor correspondente), 8 (resto).
    - iii. Publicación en Q2: 8 puntos (primeiro autor ou autor correspondente), 5 (resto).
    - iv. Publicación en Q3 ou Q4: 5 puntos (primeiro autor ou autor correspondente), 2 (resto).
  - b. Libros e capítulos de libros con ISBN. Deberán contar con ISBN e na avaliación terase en conta o prestixio da editorial, o seu proceso de selección e a avaliación dos manuscritos.
    - i. Libro completo en editorial de recoñecido prestixio de ámbito internacional: 12 puntos (primeiro autor ou autor correspondente), 8 (resto).
    - ii. Capítulo de libro de recoñecido prestixio de ámbito internacional: 8 puntos (primeiro autor ou autor correspondente), 5 (resto).
  - c. Comunicacions, contribucións presentadas en congresos, conferencias, seminarios e outro tipo de reunións de relevancia científica. Terase en conta o carácter internacional ou nacional do congreso e o tipo de participación.
    - i. Comunicación oral en congreso internacional: 2 puntos (autor que faga a presentación).
    - ii. Comunicación póster en congreso internacional: 1 punto (primeiro autor).
    - iii. Comunicación oral congreso nacional: 1 punto (autor que faga a presentación).
    - iv. Comunicación póster en congreso nacional (0,5 puntos, primeiro autor).
  - d. Patentes rexistradas. Valorarase se están en explotación. Se non é o caso, valorarase se a concesión levouse a cabo con exame previo (tipo B2. Terase en conta a extensión da patente (nacional ou internacional), valorándose máis a de extensión máis extensa.
    - i. En explotación con extensión internacional: 16 puntos.
    - ii. En explotación con extensión nacional: 12 puntos.
    - iii. Concedida pero non en explotación con extensión internacional (Só tipo B2): 10 puntos.
    - iv. Concedida pero non en explotación con extensión nacional (só tipo B2): 6 puntos.

## Anexo II

En caso de que algún candidato supere os 60 puntos neste apartado, daránselle os 60 puntos. Neste caso, a puntuación do resto dos candidatos farase de acordo á fórmula:

$$Pf = \frac{P}{Pm} 60$$

Sendo Pf a puntuación final do candidato, P a puntuación do candidato sen corrixir, e Pm a puntuación obtida polo candidato con maior puntuación sen corrixir.

4. Outros méritos relacionados coa tese de doutoramento (máximo 25 puntos). (Máximo catro (4) méritos, indicado na convocatoria)
  - a. Grao de innovación da tese. Se se trata dun doutoramento industrial, ou se a tese se desenvolveuse no marco dun contrato de transferencia cunha empresa ou dun convenio cunha institución non académica: 5 puntos.
  - b. Produtos con rexistro de propiedade intelectual, ou que representen transferencia de coñecemento (software, obras artísticas, publicacións de divulgación científica, exposicións, produtos audiovisuais...). Ata 5 puntos.
  - c. Premios concedidos por entidades de recoñecido prestixio. Os premios Internacionais valoraranse ata 10 puntos; os premios nacionais valoraranse ata 5 puntos.
  - d. Mención Europea/Internacional. 5 puntos.

**[Documentación da acreditación dos méritos a presentar xunto coa solicitude](#)**

**Área de Ciencias Sociais e Xurídicas**

1. A tese (máximo 50 puntos):

Puntuación para o premio extraordinario recollida nos informes confidenciais dos membros do tribunal da tese. O cálculo deste apartado, ata un máximo de 40 puntos, farase por parte da USC sumando a puntuación de todos os informes dividido entre o número de membros do tribunal que asistiron ao acto de defensa, e multiplicando esta media por 8. Os 10 puntos restantes serán para as teses con Mención Europea ou Internacional.
2. Os cinco (5) méritos máis relevantes da produción científica derivados da propia tese achegados polos solicitantes (máximo 40 puntos):
  - a. Artigos en revistas
    - i. Artigos publicados en revistas indexadas: *ata un máximo de 10 puntos cada aportación. A valoración por artigo terá en conta a indexación da revista, segundo os criterios usuais de cada área (índice de impacto, posición da revista en relación coas da súa área e categoría).*
    - ii. Artigos publicados en revistas non indexadas: ata un máximo de 1 punto cada aportación.

O tribunal valorará cada aportación presentada atendendo á súa relevancia na área á que corresponde e tendo en conta o número de autores do traballo (a partir de 4 dividirase polo número de autores)
  - b. Libros con ISBN publicados en editoriais indexadas relevantes para a área:
    - i. Autoría: ata un máximo de 20 puntos cada aportación
    - ii. Edición: ata un máximo de 7,5 puntos cada aportación

O tribunal valorará cada aportación presentada atendendo á súa relevancia na área á que corresponde e tendo en conta o número de autores do traballo (a partir de 4 dividirase polo número de autores)
  - c. Capítulos de libros:
    - i. Capítulos en libros con ISBN publicados en editoriais indexadas relevantes para a área: ata un máximo de 10 puntos cada aportación.
    - ii. Capítulos en libros con ISBN publicados en editoriais non indexadas relevantes para a área: ata un máximo de 1 punto cada aportación.

O tribunal valorará cada aportación presentada atendendo á súa relevancia na área a que corresponde e tendo en conta, o número de autores do traballo (a partir de 4 dividirase polo número de autores). A suma da valoración dos capítulos publicados nunha mesma obra non pode superar os 16 puntos.
  - d. Aportacións a congresos, seminarios e outro tipo de reunións de relevancia científica e recoñecida traxectoria.
    - i. Ponencias e conferencias plenarias por invitación internacionais: ata un máximo de 5 puntos cada aportación.
    - ii. Comunicacións e pósteres en conferencias internacionais: ata un máximo de 1,25 puntos cada aportación.
    - iii. Ponencias e conferencias plenarias por invitación nacionais: ata un máximo de 1 punto cada aportación.
    - iv. Comunicacións e pósteres en conferencias nacionais: ata un máximo de

## Anexo II

0,50 puntos cada aportación.

- e. Patentes rexistradas: ata un máximo de 5 puntos cada aportación.

No caso de teses por compendio de publicacións, non poderán terse en conta para ese apartado os artigos e os capítulos de libros incluídos na tese.

- 3. Outros méritos relacionados coa tese de doutoramento (máximo 10 puntos). (Máximo catro (4) méritos, indicado na convocatoria)
  - a. Grao de innovación da tese: ata 5 puntos.
  - b. Produtos con rexistro de propiedade intelectual, ou que representen transferencia de coñecemento: ata un máximo de 5 puntos cada aportación.
  - c. Premios de recoñecida traxectoria: ata un máximo de 5 puntos cada aportación.

**[Documentación da acreditación dos méritos a presentar xunto coa solicitude](#)**



**Área de Enxeñaría e Arquitectura**

1. A tese (máximo 15 puntos):

Puntuación para o premio extraordinario recollida nos informes confidenciais dos membros do tribunal da tese. O cálculo deste apartado farase por parte da USC sumando a puntuación de todos os informes dividido entre o número de membros do tribunal que asistiron ao acto de defensa, e multiplicando esta media por 3.

2. Os cinco (5) méritos máis relevantes da produción científica, técnica ou artística e os traballos de investigación derivados da propia tese achegados polos solicitantes (máximo 60 puntos):

- a. Artigos: valorarase preferentemente os artigos publicados en revistas de recoñecida valía internacional, especialmente as que ocupen posicións relevantes dentro do listado correspondente a súa categoría científica no JCR. Para que os artigos sexan considerados, a solicitude deberá incluír unha declaración responsable do solicitante indicando a correspondencia entre cada artigo cos contidos da tese (esta declaración irá no mesmo documento do artigo)

Cada contribución como artigo en revista indexada do Q1 puntuarase con 12 puntos, as Q2 con 9, as Q3 con 6 e as Q4 con 4; para o cálculo do cuartil terase en conta o *JCR Science Edition* do ano da publicación do artigo. Para os artigos en revistas non indexadas e con difusión internacional puntuarán 2 puntos, se a difusión é nacional 1 punto.

- b. Libros e capítulos de libros: deberán contar con ISBN, e na avaliaicón terase en conta o prestixio da editorial, nas que se poda garantir un rigoroso proceso de selección e avaliación dos orixinais. Só se terán en conta neste apartado os libros e capítulos de libros relacionados coa temática da tese.

Autor do libro completo en editorial internacional de recoñecido prestixio e con un rigoroso proceso de selección e avaliación dos orixinais 12 puntos, e 6 puntos se é de ámbito nacional ou autonómico. Capítulos de libros internacionais nunha editorial de prestixio contaranse como un artigo do terceiro cuartil, capítulos de libros nacionais ou autonómicos como un artigo en revista nacional non indexada. En todo caso para ser considerado capítulo de libro debe ter un mínimo de 15 páxinas.

- c. Contribucións presentadas en congresos, conferencias, seminarios e outro tipo de reunións de relevancia científica: terase en conta o carácter internacional, nacional ou autonómico do congreso, así como o tipo de contribución.

- i. As comunicacións a congresos internacionais sen *proceedings* 2 (por exemplo, sóamente abstracts) ou con *proceedings* dunha extensión inferior a 5 páxinas, valoraranse con 1 punto cada unha. As comunicacións a congresos internacionais con *proceedings* dunha extensión mínima de 5 páxinas valoraranse con 2 puntos. Cando estes *proceedings* estean publicados en actas que sexan vehículos de difusión do coñecemento comparables ás revistas incluídas no *JCR Science Edition* (como por exemplo as listaxes en posicións relevantes do índice *Computing Research an Education* (CORE), o índice da Sociedad Científica Informática de España (SCIE) ou outro de similar entidade,

- valoraranse como un artigo JCR do terceiro ou do cuarto cuartil (4-6 puntos), en función de aspectos como o posto nos devanditos índices.
- ii. Para as contribucións a congresos nacionais a puntuación será a metade da que correspondería aos internacionais equivalentes.
  - d. Patentes e rexistros de programas: nas patentes valorarase se están en explotación demostrada mediante contrato de compravenda ou contrato de licenza. Respecto a patentes concedidas sen estar en explotación, só se valorarán se a concesión de levou a cabo con exame previo (tipo B2). Terase en conta a extensión da protección da patente (nacional, europea, internacional), valorándose máis a de protección máis extensa. Cando a patente estea en explotación outorgaranse 20 puntos; se está concedida, e na que a concesión se levou a c Respecto os rexistros de software, se están en explotación se lles outorgarán 20 puntos; e para as que non estean en explotación, 3 puntos. Aquelas con exame previo 12 puntos; se está admitida a trámite 5 puntos. Estas puntuacións corresponderán as patentes de carácter internacional ou europeo. Se as patentes fosen de ámbito nacional, as devanditas puntuacións multiplicaranse por un coeficiente de 0.70. Os rexistros de software en explotación serán valorados con 20 puntos; e 3 puntos para os que non estean en explotación
3. Outros méritos relacionados coa tese de doutoramento (máximo 25 puntos). (Máximo catro (4) méritos, indicado na convocatoria)
- a. Grao de innovación da tese. Se se trata dun doutoramento industrial, ou se a tese desenvolveuse no marco dun contrato de transferencia cunha empresa ou dun convenio cunha institución non académica, outorgaranse 6 puntos. De maneira extraordinaria, a comisión poderá asignar ata 15 puntos polo grao de innovación naquelas teses que supuxesen unha achega extraordinaria. Para iso, o candidato incluírá unha declaración que xustifique adecuadamente o impacto especial do traballo (ata 1000 caracteres contando espazos)
  - b. Produtos con rexistro de propiedade intelectual ou que representen transferencia de coñecemento (software, obras artísticas, publicacións de divulgación científica, exposicións, produtos audiovisuais...). Cada produto rexistrado que garde relación coa temática da tese valorarase con 6 puntos.
  - c. Premios. Os premios internacionais valoraranse ata 10 puntos, os premios nacionais valoraranse ata 5 puntos.
  - d. Doutoramento con Mención Europea/Internacional. Valorarase con 10 puntos.

En base ó indicado no punto 4 da "Convocatoria para a concesión dos Premios Extraordinarios de Doutoramento. Curso 2018-2019", compre indicar que soamente se terán en conta os méritos relacionados coa tese obtidos entre o comezo do traballo doutoral e o día da defensa da tese. Ademais, segundo o Anexo II a esa convocatoria, aquelas solicitudes que presenten máis de cinco méritos no apartado 2 (méritos máis relevantes da produción científica, técnica ou artística e os traballos de investigación derivados da propia tese) serán excluídas.

[Documentación da acreditación dos méritos a presentar xunto coa solicitude](#)